

XA ESTÁ DISPOÑIBLE A NOVA PÁXINA WEB

Dende o ano 2007 publícanse na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar as aplicacións de indicadores do mercado laboral que lle permiten ao público en xeral acceder aos datos do mercado de traballo galego.



A aplicación de Indicadores do Mercado Laboral a partir do 2011 conta con novas funcionalidades. Prema na lupa azul.



PARO, CONTRATOS E OFERTAS ATA DECEMBRO DE 2010.

Neste apartado xéranse informes a partir da base de datos do Servizo Público de Emprego de Galicia, cuxos rexistros datan de antes de 2011.

PARO, CONTRATOS E OFERTAS DENDE XANEIRO DE 2011.

Neste apartado amósanse informes de paro e contratos con datos a partir de xaneiro de 2011. A clasificación de ocupacións está actualizada segundo a nova CNO-2011.


CONTAS DE COTIZACIÓN E TRABALLADORES AFILIADOS: DATOS ACTUALIZADOS.

Neste apartado poderanse xerar informes baseados nos rexistros da Tesouraría Xeral da Seguridade Social dende o ano 2000.

PUBLICACIÓNS

Informe sobre a mobilidade dos traballadores no mercado laboral galego.

A mobilidade da que se fala neste informe fai referencia á mobilidade xeográfica que se produce por motivos laborais. O obxectivo deste informe é o de describir os desprazamentos dos traballadores que se trasladan de localidade por motivos de traballo e os fluxos que se establecen entre Galicia e o resto das comunidades autónomas. A partir da información que presenta un contrato, considérase que hai mobilidade cando non existe coincidencia entre



o municipio do domicilio do traballador e o municipio do domicilio da empresa que o contratou. O informe ofrece datos de traballadores contratados e, así mesmo, de contratos.

Esta consulta multiopcional ten plena validez cando fai referencia a contratos. Se se quere utilizar no campo dos contratos, hai que ter en conta que á hora de interpretar o resultado pode acontecer que un mesmo traballador pode ser contratado en dous lugares nun mesmo período de referencia, ou en distintas ocupacións ou con distintos CNAE, co cal se contaría dúas veces.

A información contida neste informe foi elaborada a partir da base de datos de contratos rexistrados nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Informe sobre a subrepresentación da muller traballadora nos sectores e ocupacións do mercado laboral galego.



Neste informe analízase a situación laboral da muller, que no contexto económico actual está agravando en maior medida as desigualdades existentes entre mulleres e homes. As mulleres continúan asumindo case por completo as tarefas domésticas e de atención de familiares, ademais de intentar manter os seus postos de traballo (en moitos casos precarios ou a tempo parcial) para achegar diñeiro á economía familiar. Tampouco en tempo de crise se aborda a

equiparación de salarios entre ambos os sexos, incluso está constatado que a brecha é aínda máis ampla entre as traballadoras e os seus compañeiros de sexo masculino. Os argumentos empregados para non contratar mulleres en determinados sectores e ocupacións do mercado de traballo adoitan estar relacionados cos estereotipos de xénero baseados nas diferenzas entre homes e mulleres a través das súas capacidades, actitudes psicolóxicas, ambicións e comportamentos. Aspectos como as dificultades derivadas do esforzo físico, a menor cualificación na utilización de novas tecnoloxías, a idea de que as mulleres sofren un maior absentismo laboral ou distorsión do ambiente laboral en contornos masculinos ocultan a realidade de que as mulleres son fonte esencial para a actual economía. Independentemente do sector produtivo de que se trate, aproveitar o seu potencial debe ser percibido como un medio de promoción do crecemento do emprego e como un medio para acadar a futura recuperación económica.

Estas e outras publicacións de informes de mercado laboral están dispoñibles na páxina web:



http://traballo.xunta.es/contenidos/gi/menu_vertical/publicaciones_estadisticas/listado_categorias

NOVAS FUNCIONALIDADES DA APLICACIÓN DE INDICADORES DO MERCADO LABORAL.

Este ano melloramos as posibilidades para obter informes máis personalizados coa introdución de novas funcionalidades: gráficas, mapas e novas opcións na táboa de informes.


Mapas e gráficas

Os mapas teñen tres niveis territoriais: provincial, comarcal e municipal.
As gráficas elabóranse para distintas variables como sexo, idade, CNAE...



Distribución de contratos por sexo e idade

OPCIÓN DO INFORME FAI CLICK AQUÍ PARA DESPREGAR



(*) As casillas en branco corresponden ao valor "0". Se todas as casillas dunha fila/columna teñen valor "0", esta fila/columna non aparece no informe.
(**) En cumprimento da Ley de Protección de datos aplícase o segredo estatístico: os valores 1, 2 e 3 ocúltanse cunha "X" no informe.

Táboas

Con opcións de mover filas, columnas e ocultar

Idade

Sector Económico	Idade	Sexo	Mes			
			Má 11			
			MULLER		HOME	
			Contratos	% Contratos	Contratos	% Contratos
AGRICUL. E PESCA	DE 16 A 19 ANOS		X	0,00 %	30	0,10 %
	DE 20 A 24 ANOS		30	0,11 %	133	0,44 %
	DE 25 A 29 ANOS		25	0,09 %	185	0,61 %
	DE 30 A 34 ANOS		18	0,07 %	211	0,70 %
	DE 35 A 39 ANOS		34	0,13 %	184	0,61 %
	DE 40 A 44 ANOS		38	0,14 %	172	0,57 %
	DE 45 A 49 ANOS		24	0,09 %	140	0,46 %
	DE 50 A 54 ANOS		21	0,08 %	136	0,45 %
	DE 55 A 59 ANOS		9	0,03 %	52	0,17 %
	DE 60 A 64 ANOS		6	0,02 %	7	0,02 %
	MAIOR DE 65 ANOS		X	0,00 %	4	0,01 %
Total			207	0,77 %	1.254	4,13 %

Normativa autonómica destacada:

✚ Orde do 28 de abril de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para fomentar a responsabilidade social empresarial (RSE) nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2011 (DOG nº 95, do 18.05.2011).

✚ Orde do 28 de abril pola que se regula a edición electrónica do *Diario Oficial de Galicia* e se determina a súa posta en funcionamento (DOG n.º 83, do 29.04.2011).

✚ Orde do 25 de abril de 2011 pola que se modifica a Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2011 (DOG n.º 82, de 28.04.2011).

✚ Orde do 31 de marzo pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2011 (DOG n.º 74, de 14.04.2011).

✚ Orde do 15 de marzo pola que se aproba o procedemento de comunicación electrónica do contido dos contratos de traballo e as súas copias básicas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG n.º 72, de 12.04.2011).

✚ Orde do 30 de marzo de 2011 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de axudas destinadas á programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2011, convocadas pola Orde do 30 de decembro de 2010 (DOG n.º 70, de 8.04.2011).

✚ Orde do 8 de marzo de 2011 pola que se modifican as ordes do 30 de decembro de 2010, polas que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración, respectivamente, coas entidades locais, así como cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á convocatoria para o ano 2011 (DOG n.º 69, de 7.04.2011).

Normativa estatal de interese:

✚ Real decreto 1591/2010, do 26 de novembro, polo que se aproba a Clasificación Nacional de Ocupacións 2011 (BOE n.º 306, de 17.12.2010)

✚ Real decreto-lei 5/2011, do 29 de abril, de medidas para a regularización e control do emprego somerxido e fomento da rehabilitación de vivendas (BOE n.º 108 do 6.04.2011).

✚ Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación (BOE n.º 131, do 2.06.2011).

✚ Orde EHA/1332/2011, do 19 de maio, pola que se ditan as normas para a elaboración de escenarios orzamentarios para o período 2012-2014 (BOE n.º 123, do 24.05.2011).

✚ Orde EHA/1333/2011, do 19 de maio, pola que se ditan as normas para a elaboración dos Orzamentos Xerais do Estado para 2012 (BOE n.º 123, do 24.05.2011).

Para acceder á páxina web da Consellería de Traballo e Benestar: <http://traballoebenestar.xunta.es/>

Para acceder directamente á área de traballo: <http://traballo.xunta.es>

